

PROTOCOLO DE USO DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

Este documento pretende recoller e establecer as medidas de seguridade mínimas para poder acceder o uso e disfrute das Instalacións Municipais e Convenidas do Concello de Cangas.

ENLACE COVID

Cada asociación antes de acceder a unha instalación municipal, deberá nomear a un/unha RESPONSABLE COVID (*nome + apelidos + dni+ tlf*) que será o encargado/a de velar que se cumpra o protocolo durante as actividades e/ou actos de dita organización, tal e como indica o Concello.

OBRIGAS DAS ASOCIACIÓNS OU COLECTIVOS

Unha vez aprobada a actividade polo Concello, será responsabilidade de cada asociación ou colectivo, cumprir coas seguintes medidas:

A. ACCESO A INSTALACIÓN

1. O punto de acceso será determinado polo Concello, no caso de unha instalación convenida será a Asociación a que xestione o acceso.
2. Poñerase en un lugar visible do punto de acceso, o documento de protección de datos e en base ao mesmo tomaranse os datos dos asistentes según protocolo COVID.
3. Deberá contarSE cos seguintes medios durante o uso da instalación: Xel hidroalcohólico, papel desbotable, e produtos desinfectantes con actividade viricida.

B. DESENROLO DA ACTIVIDADE

En cada actividade deberá velar por cumprir o aforo, a distancia interpersonal, que os asistentes accedan coas medidas de prevención individuais precisas (uso obrigatorio de máscaras) e as colectivas, que a instalación teña unha boa ventilación durante toda a actividade e que se respeten os tempos de ventilación e limpeza entre actividade e actividade.

Sempre en base as normas que determinaron as resolucións da Xunta de Galicia para cada actividade en función de cada fase.

C. REMATE DA ACTIVIDADE

1. É responsabilidade de cada asociación a limpeza e desinfección de todo o material, mobiliario de uso común, instalación e aseos.
2. Cumplimentarase no documento de recollida de datos hora de abandono da instalación.
3. E calquer incidencia que puidera ser de relevancia.

Calquera incumprimento do recollido neste protocolo será motivo suficiente para a retirada do título habilitante para o uso da instalación.